3. ANEXO III MEMORIA DE ACTIVIDADES
4. ANEXO IV DECLARACIÓN RESPONSABLE PARA ACTUAR EN REPRESENTACIÓN

- **ANEXOS QUE SE DEBERÁN ENTREGAR NO MOMENTO DA CONTA XUSTIFICATIVA**

1. ANEXO V MODELO DE SOLICITUDE DA CONTA XUSTIFICATIVA
2. ANEXO VI MEMORIA ECONÓMICA XUSTIFICATIVA DO CUSTE DA ACTUACIÓN
3. ANEXO VII, DECLARACIÓN RESPONSABLE.



ANEXO I, MODELO DE SOLICITUDE

SUBVENCIONS, EN RÉXIME DE CONCORRENCIA COMPETITIVA, PARA O FOMENTO DO CULTIVO DE TRIGO (VARIETADES AUTÓCTONAS) E A PLANTACIÓN DE PHYSALIS DENTRO DO PROGRAMA “Y PARA VIVIR LUGO” PARA A ANUALIDADE 2024

Presentación de solicitudes

Os interesados dispoñen dun prazo dun mes contado a partir do día seguinte da publicación do extracto desta convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, podendo este ser ampliado no caso de que exista crédito suficiente, bastando a publicación do extracto de ampliación do prazo de solicitude no BOP da provincia de Lugo e en todo caso respectando a vixencia do programa “Y para vivir Lugo” a través da modificación das bases.

O texto íntegro das Bases desta convocatoria será publicado no portal de internet da Deputación Provincial de Lugo.

Os interesados deberán solicitar as axudas a través dos modelos normalizados establecidos ao efecto, que figuran como Anexos (I, II, III, así como a **autorización para o tratamento de datos de carácter persoal** e no caso de actuar en representación o IV) na **Base 7**.

A **solicitude** deberá conter a seguinte **documentación**:

- a. Documentación acreditativa de ser o titular ou representante da explotación agrícola/gandeira: certificado IAE expedido pola Axencia Tributaria, así como o informe de vida laboral expedido pola Seguridade Social no caso de ser autónomos.
- b. No caso de novas incorporacións á actividade agrícola ou gandeira deberá presentarse unha declaración responsable pola que o interesado, se compromete a darse de alta no epígrafe de IAE correspondente de Axencia Tributaria, así como a alta Seguridade Social no caso de optar por réxime de autónomos con anterioridade ao prazo de presentación da conta xustificativa estipulada nas bases.
- c. No caso de persoas físicas, copia do NIF do solicitante e no seu caso o do representante.

No caso de persoas xurídicas copia do NIF da entidade, do representante e os estatutos debidamente rexistrados.

- d. Copia do/s documento/s que acredite/n ser o titular o representante legal da parcela.
 - ✓ No caso de propiedade, nova compra ou doazón: documento que acredite a propiedade a nome do beneficiario.
 - ✓ No caso de alugamento : contrato de alugamento cunha duración mínima de 2 anos a nome do beneficiario.
 - ✓ No caso de cesión: documento que acredite esa circunstancia durante ó menos 2 anos .
 - ✓ No caso de outro instrumento xurídico que confira o dereito de uso: documento que acredite esa circunstancia durante ó menos 2 anos.
 - ✓ No caso de actuar en representación, declaración responsable (**Anexo IV**).
- e. Documento que acredite a condición de finca de uso agrícola das parcelas (referencia catastral ou código/s SIGPAC).



ANEXO I, MODELO DE SOLICITUDE (CONTINUACIÓN)

SUBVENCIONES, EN RÉXIME DE CONCORRENCIA COMPETITIVA, PARA O FOMENTO DO CULTIVO DE TRIGO (VARIETADES AUTÓCTONAS) E A PLANTACIÓN DE PHYSALIS DENTRO DO PROGRAMA "Y PARA VIVIR LUGO" PARA A ANUALIDADE 2024

SOLICITANTE		
Nome e apelidos:		NIF:
Enderezo:		
CP:	Localidade:	Provincia:
Teléfono/s:	E-mail:	
DATOS DO REPRESENTANTE		
Nome e apelidos:		NIF:
Enderezo a efectos de notificación:		
CP:	Localidade:	Provincia:
Teléfono:	E-mail:	



DATOS DA/S PARCELA/S

N.º de Ha para as que solicita a axuda (superficie mínima 1Ha)

DATOS	PARCELA 1
Identificación da parcela	
Extensión da parcela	
Referencia catastral/código/s SIGPAC	
Lugar/localización	
Distancia da parcela á vivenda do beneficiario	
Titularidade: (propiedade, alugamento, cesión, doazón...)	

DATOS	PARCELA 2
Identificación da parcela	
Extensión da parcela	
Referencia catastral/código/s SIGPAC	
Lugar/localización	
Distancia da parcela á vivenda do beneficiario	
Titularidade: (propiedade, alugamento, cesión, doazón...)	

DATOS	OUTRA/S PARCELA /S *(Cumprimentar só no caso de que se prevea a existencia de diñeiro sobrante, a aplicar noutra/S parcela/S)
Identificación da parcela/s	
Extensión da parcela/s	
Referencia catastral/código/s SIGPAC	
Lugar/localización	
Distancia da parcela á vivenda do beneficiario	
Titularidade: (propiedade, alugamento, cesión, doazón...)	



EXPOÑO QUE:

- Son o titular da parcela (en calidade de propiedade, alugamento, cesión, doazón ou calquera outro instrumento xurídico que confira o dereito de uso da/ parcela/s) que se enmarca no Programa “Y para vivir Lugo”.
- Son representante do titular da/s parcela/s que se enmarca no Programa “Y para vivir Lugo”.

Polo que SOLICITA/O:

- Unha axuda económica para Ha por importe de euros para o cultivo de trigo autóctono das variedades callobre e caaveiro,
- Unha axuda económica de..... para o cultivo de physalis.

Nota:

Para o cálculo debe multiplicarse o numero de hectáreas completas solicitadas para o cultivo de trigo polo prezo de 500 € por Ha.

E 26,30 € para o cultivo physalis cantidade fixa independentemente do número de ha.

Exemplo: Solicito 3 Ha. , polo que o importe solicitado será o resultante $3*500€=1500€$ para trigo e 26,30€ para o cultivo de physalis.

Para o cal, **DECLARO BAIXO XURAMENTO E A MIÑA RESPONSABILIDADE:**

- En nome propio
- En representación decon NIF.....

- Que coñece e acepta as bases da convocatoria e os compromisos que nela se inclúen.
- Que cumpre cos requisitos establecidas no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeneral de Subvencións, e no artigo 10 da Lei 9/2007 do 13 de xuño Subvenciones de Galicia, para obter a condición de beneficiario.
- Que cumpre cos prazos de pago previstos na normativa sectorial que lle sexa de aplicación ou no seu defecto na Lei 3/2024 do 29 de decembro polas que se establecen medidas de loita contra morosidade nas operacións comerciais.



Que a desagregación do financiamento da actuación para a cal se solicita a subvención é:

CONCEPTO		PORCENTAXE	IMPORTE
FONDOS PROPIOS (Como mínimo o 5% do custe total)		%	
OUTRAS FONTES DE FINANCIAMENTO	Deputación de Lugo (importe da subvención)	%	
		%	
		%	
		%	
TOTAL			

- Que (marque o que proceda):

Non solicitei nin me foi concedida ningunha outra subvención ou axuda por outras Administracións Públicas ou outras entidades, públicas ou privadas, nacionais o internacionais, para a dita acción.

Si teño axudas ou subvencións solicitadas, concedidas ou pendentes de resolución segundo a seguinte táboa:

ENTIDADE Á QUE SE LLE SOLICITOU A AXUDA OU SUBVENCIÓN	CANTIDADE SOLICITADA	RESOLUCIÓN		
		PENDENTE	DENEGADA	CONCEDIDA POR
		<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
		<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
		<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
TOTAL AXUDAS OU SUBVENCIÓNS		Euros		

Outros patrocinios, sen achegas económicas, doutras Administracións Públicas, entes públicos ou entidades privadas, obtidos para o mesmo obxecto ou actividade, tal e como figura na seguinte táboa:

PATROCINIO	EN CONCEPTO DE



Que coñezo que esta subvención encontrase acollida ao Regulamento (UE) n.º 1408/2013 de 18 de decembro de 2013, relativo a la aplicación de los artigos 107 e 108 del Tratado de Funcionamento de la Unión Europea, a las axudas de mínimos no sector agrícola.

Que non solicitei nin me foi concedida axudas de mínimos no exercicio fiscal no que se recoñece o dereito legal a percibir a axuda nin nos dous exercicios anteriores

Que solicitei ou me foi concedida axudas de mínimos no exercicio fiscal no que se recoñece o dereito legal a percibir a axuda e nos dous exercicios anteriores que ascenden a.....€

CONVOCATORIA	ORGANISMO CONCEDENTE	IMPORTE DA AXUDA	OBJETO	ANO (SOLICITUDE OU CONCESIÓN)	ESTADO DA AXUDA*

*Solicitada ou concedida

Autorizo á Deputación de Lugo para que solicite, se é o caso, o certificado de estar ao corrente no cumprimento das obrigas coa Axencia Tributaria Estatal, Facenda da Xunta de Galicia, Tesourería Xeral da Seguridade Social e co Servizo de Recadación Provincial, impostas polas disposicións vixentes.

- Que destino a axuda regulada nestas bases á posta en funcionamento e cultivo das variedades autóctonas callobre e caaveiro e a plantación de physalis. Cando se prevea co importe da axuda sexa maior ó custe do gasto, deberá acoutar en que finca imputarase o sobranse.

-Que comprométome a ter en produción a/s parcela/s para a que se concede a axuda durante un período mínimo de 1 colleita (anualidade 2024).

-Que non ten pendente de xustificación subvenciones anteriores coa Deputación Provincial de Lugo.

- Que coñezo que esta subvención encontrase acollida ao Regulamento (UE) n.º 1408/2013 de 18 de decembro de 2013, relativo a la aplicación de los artigos 107 e 108 del Tratado de Funcionamento de la Unión Europea, a las axudas de mínimos no sector agrícola.

Esta declaración responsable emítese segundo o establecido no artigo 69.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo Común das Administración Públicas, declarándose expresamente que, a entidade solicitante cumpre o indicado, que dispón da documentación que así se acredita, que o porá a disposición da Administración cando lle sexa requirida, e que se compromete a manter o seu cumprimento durante o período de tempo inherente a dito recoñecemento ou o exercicio do dereito o cobro da subvención

E para que conste, aos efectos de solicitude da subvención sinalada, asino esta solicitude-declaración.

En _____, a _____ de _____ de _____

O/A solicitante / representante,

SR. PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO- SERVIZO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA E EMPREGO-



AUTORIZACIÓN PARA O TRATAMENTO DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

D/D^a. _____ con NIF _____,
 enderezo a efectos de notificación en _____ no
 concello de _____, CP _____, na provincia de _____, e teléfon _____

- En nome propio**
- En representación decon NIF.....**
- AUTORIZO E CONSINTO** que a Deputación Provincial de Lugo utilice os datos aportados para a solicitude desta subvención.
- NON AUTORIZO NIN CONSINTO** que a Deputación Provincial de Lugo utilice os datos aportados para a solicitude desta subvención.

INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE PROTECCIÓN DOS SEUS DATOS	
Responsable	Deputación Provincial de Lugo
Servizo responsable	Servizo de Promoción Económica e Emprego
Finalidade	Xestión das subvencións baixo a responsabilidade da Deputación Provincial de Lugo
Interesados	Persoas físicas / Xurídicas
Categoría de datos	Nome, apelidos, NIF, dirección postal, correo electrónico, sinatura, certificado de conta bancaria
Lexitimación	RGPD: Artigo 6.1.c) Tratamento necesario para o cumprimento dunha obriga legal aplicable ao responsable do tratamento RGPD: Artigo 6.1.e) Tratamento necesario para o cumprimento dunha misión realizada en interese público ou no exercicio de poderes públicos conferidos ao responsable do tratamento Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións
Destinatarios	Outras Administracións Os requiridos pola lei e a normativa de aplicación para a correcta tramitación do expediente
Dereitos	Acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e, no seu caso, oposición e portabilidade de datos
Procedencia	A través do interesado, por parte do persoal de xestión ou mediante o acceso do interesado, como usuario externo, aos formularios en papel e aos formularios <i>web</i> recollidos no portal de Deputación Provincial de Lugo

Para información adicional relativa á protección dos seus datos, por favor, consulte o enlace *web* seguinte:

https://sede.deputacionlugo.org/oficina-lugo/tramites/acceso.do?id=8642&block=SUBVENCIONS_1097&blockType=AREAS_SEDE

E para que conste, habendo lido o redactado anteriormente, autorizo á Servizo de Promoción Económica e Social da Deputación Provincial de Lugo, para o tratamento dos meus datos nos termos expostos e para as seguintes finalidades:

- Tramitación da solicitude de subvención.
- Tramitación relacionada, de ser o caso, coa concesión da subvención

En _____, a _____ de _____ de _____

O/A solicitante / representante

SR. PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO- SERVIZO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA E EMPREGO-



INFORMACIÓN ADICIONAL SOBRE PROTECCIÓN DE DATOS

¿Quen é o responsable dos seus datos?

Do tratamento dos datos persoais incorporados á solicitude da que este documento é anexo, e a outros documentos normalizados relativos á actividade do Servizo de Promoción Económica e Emprego, da Área de Promoción Económica e Social da Deputación Provincial de Lugo, é responsable:

- Identidade: Deputación Provincial de Lugo
- Dirección postal: Rúa San Marcos, 8, 27001, Lugo
- Teléfono: 982 260 000
- Correo electrónico: protecciondatos@deputacionlugo.org
- Contacto Delegado de Protección de Datos: dpd@deputacionlugo.org

¿Con que finalidade tratamos os seus datos?

No Servizo de Promoción Económica e Emprego, da Área de Promoción Económica e Social da Deputación Provincial de Lugo, tratamos a información que nos facilitan os interesados formando unha base de datos de persoas e entidades, calquera que sexa a súa forma xurídica, solicitantes de subvencións, para realizar todos os trámites que teñen relación coa xestión do procedemento de aquelas, e para levar un adecuado control das subvencións solicitadas, das no concedidas, das concedidas, das pendentes de xustificación ou de reintegro, etc; actividades todas elas que teñen como finalidade un correcto desenvolvemento da actividade administrativa de fomento e unha axeitada distribución dos recursos públicos que, en definitiva deriven no adecuado exercicio da competencia, atribuída legalmente, de cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial.

Os datos persoais facilitados conservaranse mentres non se solicite a súa supresión polo interesado.

Non está prevista a existencia de decisións automatizadas, incluída a elaboración de perfís.

¿Cal é a lexitimación para o tratamento dos seus datos?

A base legal ou lexitimación para o tratamento dos seus datos é o cumprimento dunha misión realizada en interese público ou no exercicio de poderes públicos conferidos ao responsable do tratamento, pois, as actividades levadas a cabo pola Servizo de Promoción Económica e Emprego, da Área de Promoción Económica e Social da Deputación Provincial de Lugo, teñen perfecto encaixe no disposto no artigo 31.1.d) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, segundo o cal: *Son competencias propias da Deputación (...), en todo caso (...), a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social...*

Os datos persoais solicitados son de carácter obrigatorio, polo que o seu non enchemento supón a imposibilidade da súa inclusión nos ficheiros e do cumprimento das finalidades anteriormente descritos.

¿A que destinatarios se comunicarán os seus datos?

Tal como se adiantou na información básica, non se cederán datos a terceiros, salvo obriga legal.

A este respecto, débese ter en conta o disposto no artigo 155.1 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, segundo o cal *cada Administración deberá facilitar o acceso das restantes Administracións Públicas aos datos relativos aos interesados que obren no seu poder, especificando as condicións, protocolos e criterios funcionais ou técnicos necesarios para acceder a ditos datos coas máximas garantías de seguridade, integridade e dispoñibilidade*.

Asi mesmo, dispón o artigo 20 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS), que *a Base de Datos Nacional de Subvencións ten por finalidades promover a transparencia, servir como instrumento para a planificación das políticas públicas, mellorar a xestión e colaborar na loita contra o fraude de subvencións e axudas públicas (...), e recollerá información das subvencións (...) incluíndo, polo menos, (...) identificación dos beneficiarios (...). Para elo, estarán obrigados a subministrar información as administracións, organismos e entidades contemplados no artigo 3 (...)*. A información incluída na Base Nacional de Subvencións terá carácter reservado, sen que poida ser comunicada a terceiros, salvo que a cesión teña por obxecto calquera dos supostos previstos no apartado 5 do dito artigo 20 da LXS.



¿Cales son os seus dereitos cando nos facilita os seus datos?

Ao facilitarnos os seus datos para as anteditas finalidades goza dos seguintes dereitos:

- A acceder aos seus datos persoais, así como a solicitar a rectificación dos datos inexactos ou, no seu caso, solicitar a súa supresión cando, entre outros motivos, os datos xa non sexan necesarios par ao cumprimento das finalidades para as que foron recollidos.
- En determinadas circunstancias, e por motivos relacionados coa súa situación particular, poderá opoñerse ao tratamento dos seus datos. Neste caso, a Deputación de Lugo deixará de tratalos, salvo por motivos lexítimos imperiosos ou no exercicio ou na defensa de posibles reclamacións.
- No caso de que non obtivera satisfacción no exercicio dos seus dereitos, pode presentar unha reclamación ante a Autoridade de Control en materia de Protección de Datos competente, sendo esta a Axencia Española de Protección de Datos, e cuxos datos de contacto está accesibles en: <https://sedeagpd.gob.es/sede-electronica-web/vistas/formNuevaReclamacion/reclamacion.jsf>



ANEXO II, SOLICITUDE DE AUTORIZACIÓN PARA A SUBCONTRATACIÓN DE ACTIVIDADES SUBVENCIONADAS CON TERCEIROS

SUBVENCIONS, EN RÉXIME DE CONCORRENCIA COMPETITIVA, PARA O FOMENTO DO CULTIVO DE TRIGO (VARIETADES AUTÓCTONAS) E A PLANTACIÓN DE PHYSALIS DENTRO DO PROGRAMA "Y PARA VIVIR LUGO" PARA A ANUALIDADE 2024

D/Dª. _____ con NIF _____ ,
enderezo a efectos de notificación en _____ no
concello de _____ , CP _____ , na provincia de _____ , e teléfono _____ .

En nome propio

En representación decon NIF.....

EXPOÑO:

Que solicito unha subvención de concorrencia competitiva para sufragar os gastos derivados do fomento do cultivo de trigo nas variantes autóctonas e planta/s physalis para o ano 2024.

En base a o anteriormente exposto e segundo o establecido no establecido no artigo 29 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS no sucesivo).

SOLICITO:

(...) AUTORIZACIÓN PARA SUBCONTRATAR CON PERSOAS OU ENTIDADES VINCULADAS COA ENTIDADE Á QUE REPRESENTO EN APLICACIÓN DO ARTIGO 29.7 d) DA LXS.

- Autorización para subcontratar coas seguintes entidades:

NOME OU RAZÓN SOCIAL	NIF	ACTIVIDADE SUCONTRATAR	A IMPORTE SUBCONTRATAR	A VINCULACIÓN CO/COA BENEFICIARIO/A

Asinado .

O/A Solicitante/ representante da entidade.

SR. PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO- Servizo DE PROMOCIÓN ECONÓMICA E EMPREGO-



ANEXO III MEMORIA DE ACTIVIDADES

SUBVENCIONS, EN RÉXIME DE CONCORRENCIA COMPETITIVA, PARA O FOMENTO DO CULTIVO DE TRIGO (VARIETADES AUTÓCTONAS) E A PLANTACIÓN DE PHYSALIS DENTRO DO PROGRAMA “Y PARA VIVIR LUGO” PARA A ANUALIDADE 2024

D/Dª. con NIF ,
endereço a efectos de notificación en no
concello de , CP ,na provincia de ,e teléfono .

- En nome propio
En representación decon NIF.....

Fago constar que a actividade a desenvolver e a seguinte:

MEMORIA EXPLICATIVA

Table with 2 columns: ACTUACIONES A REALIZAR/ VALORADAS ECONOMICAMENTE and IMPORTE TOTAL. Includes a header row for DESCRICIÓN XERAL and a row for SITUACIÓN ACTUAL DAS PARCELAS SOLICITADAS.

*En consonancia cás exigencias da Base 7

Achégase dossier fotográfico do estado no momento inmediatamente anterior á solicitude da axuda

Para que conste, co fin de xustificar a subvención que me foi concedida pola Excm. Deputación Provincial de Lugo, asino esta declaración.

En , a de de 202

Asdo: (Sinatura do solicitante/Representante)

SR. PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO- SERVIZO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA E EMPREGO-



ANEXO IV DECLARACIÓN RESPONSABLE PARA ACTUAR EN REPRESENTACIÓN

SUBVENCIONS, EN RÉXIME DE CONCORRENCIA COMPETITIVA, PARA O FOMENTO DO CULTIVO DE TRIGO (VARIETADES AUTÓCTONAS) E A PLANTACIÓN DE PHYSALIS DENTRO DO PROGRAMA “Y PARA VIVIR LUGO” PARA A ANUALIDADE 2024

En relación ó procedemento de concesión de subvencións en réxime de concorrencia competitiva, para a convocatoria para o fomento do cultivo de trigo (variedades autóctonas) e a plantación de physalis dentro do programa “Y para vivir Lugo” da Deputación Provincial de Lugo, para a anualidade 2024.

SOLICITANTE en calidade de:		
Nome e apelidos:	NIF:	
Enderezo:		
CP:	Localidade:	Provincia:

AUTORIZA a ser representado por,

DATOS DO REPRESENTANTE		
Nome e apelidos:	NIF:	
Enderezo a efectos de notificación:		
CP:	Localidade:	Provincia:
Teléfono:	E-mail:	

E para que así conste e produza os efectos oportunos, asino a presente:

(O solicitante)

Conforme,
(O representante)

En _____ de _____, a _____ de 202_

SR. PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO- SERVIZO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA E EMPREGO-



ANEXO V, MODELO DE SOLICITUDE DA CONTA XUSTIFICATIVA

SUBVENCIONS, EN RÉXIME DE CONCORRENCIA COMPETITIVA, PARA O FOMENTO DO CULTIVO DE TRIGO (VARIETADES AUTÓCTONAS) E A PLANTACIÓN DE PHYSALIS DENTRO DO PROGRAMA "Y PARA VIVIR LUGO" PARA A ANUALIDADE 2024

BENEFICIARIO:

Nome e apelidos:		NIF:
Enderezo:		
CP:	Localidade:	Provincia:
Teléfono/s:	E-mail:	

DATOS DO REPRESENTANTE:

Nome e apelidos:		NIF:
Enderezo a efectos de notificación:		
CP:	Localidade:	Provincia:
Teléfono:	E-mail:	

EXPOÑO:

Que se lle concedeu ao beneficiario unha subvención, na modalidade de concorrencia competitiva, por importe de euros, para o fomento do cultivo de trigo autóctono e a plantación de physalis, dentro do programa "Y para vivir Lugo", na anualidade 2024, destinado ás parcelas que a continuación se detallan:

INFORMACIÓN DA/S PARCELA/S

N.º DE HECTÁREAS PARA AS QUE SE LLE CONCEDEU A AXUDA

DATOS

PARCELA 1

Identificación da parcela

Extensión da parcela

Referencia
catastral/código/s
SIGPAC

Lugar/localización



DATOS	PARCELA 2
Identificación da parcela	
Extensión da parcela	
Referencia catastral/código/s SIGPAC	
Lugar/localización	

DATOS	OUTRAS PARCELAS
*(Cumprimentar só no caso de que se prevea a existencia de diñeiro sobrante, a aplicar noutra/s parcela/s)	
Identificación da parcela/s	
Extensión da parcela/s	
Referencia catastral/código/s SIGPAC	
Lugar/localización	

Observacións

Tendo en conta o sinalado, **SOLICITO:**

Que sexa admitida a documentación que se achega como xustificación, e

AUTORIZO á deputación de Lugo para que solicite, se é o caso, o certificado de estar ao corrente no cumprimento das obrigas coa Axencia Tributaria Estatal, Facenda da Xunta de Galicia, Tesouraría Xeral da Seguridade Social e co Servizo de Recadación Provincial, impostas polas disposicións vixentes, para a tramitación da subvención neste documento relacionada.

En _____, a _____, de _____ de 202

Asdo: (Sinatura do solicitante/Representante)

SR. PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO- SERVIZO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA E EMPREGO-



ANEXO VI MEMORIA ECONÓMICA XUSTIFICATIVA DO CUSTO DA ACTUACIÓN

SUBVENCIONS, EN RÉXIME DE CONCORRENCIA COMPETITIVA, PARA O FOMENTO DO CULTIVO DE TRIGO (VARIETADES AUTÓCTONAS) E A PLANTACIÓN DE PHYSALIS DENTRO DO PROGRAMA “Y PARA VIVIR LUGO” PARA A ANUALIDADE 2024

D/D^a. _____ con NIF _____,
e domicilio a efectos de notificación en no
concello de _____ e teléfono _____, e correo electrónico _____

- En nome propio
- En representación decon NIF.....

DECLARO BAIXO A MIÑA RESPONSABILIDADE:

Que desenvolvín a actividade financiada ao abeiro do establecido nas bases da subvención en concorrencia competitiva outorgada pola Deputación Provincial de Lugo co obxecto de fomentar o cultivo de trigo nas variantes autóctonas e planta/s de physalis para a anualidade 2024, segundo a memoria económica que detállase a continuación.

Que dentro do Proyecto “Y para vivir Lugo” da Deputación Provincial de Lugo, impútanse os gastos que se relacionan a continuación cuxas facturas e xustificantes bancarios de pago conservanse e estarán a disposición, de ser necesario, para a súa comprobación e control.

E para que así conste, aporto a seguinte memoria económica:

Financiado coas seguintes achegas económicas:

FINANCIAMENTO DA ACTUACIÓN SUBVENCIONADA	IMPORTE
FONDOS PROPIOS	
SUBVENCIÓN DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO	
SUBVENCIÓN OU AXUDAS DOUTRAS ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS	
OUTRAS FONTES DE FINANCIAMENTO	
CUSTO TOTAL DA ACTUACIÓN SUBVENCIONADA	



RELACIÓN CLASIFICADA DE GASTOS DO CUSTO DA ACTUACIÓN REALIZADA SUBMINISTRO/SERVIZO

DOCUMENTO				ACREDOR		IMPORTE		IMPUTACIÓN				DESCRIPCIÓN DO GASTO
Identificación ¹	Número	Data de emisión	Data de pago	Nome ou denominación Social	NIF	Sen IVE	Con IVE	Á execución da actuación subvencionada (custo total)		Á axuda concedida (gasto imputado á Deputación)		
								%	Importe	%	Importe	
TOTAL GASTOS SUBVENCIONABLES												

RELACIÓN CLASIFICADA DE GASTOS DO CUSTO DA ACTUACIÓN POR CONTA PROPIA

TEMPORIZACIÓN DAS ACTUACIÓN SUBVENCIONADAS (datas, horarios, etc.)	ACTUACIÓN SUBVENCIONADA	PARCELA	PREZO UNITARIO	COSTE €/HORA	IMPUTACIÓN				
					Á execución da actuación subvencionada (custo total)		Á axuda concedida (gasto imputado á Deputación)		
					%	Importe	%	Importe	
TOTAL GASTOS IMPUTADOS									

¹ Identificación do documento: indicar si se trata dunha factura, nómina, liquidación, recibo, modelo 111 do IRPF, RLC (Relación de Liquidación de Cotizacións), RNT (Relación Nominal de Traballadores) ou equivalentes, etc...

RELACIÓN CLASIFICADA DE GASTOS DO CUSTE DA ACTUACIÓN POR CONTA PROPIA

TOTAL GASTOS IMPUTADOS

TOTAL GASTOS SUMINISTROS/ SERVICIOS	
TOTAL GASTOS POR CONTA PROPIA	
CUSTO TOTAL DA ACTUACIÓN SUBVENCIONADA	

Para que conste, co fin de xustificar a subvención que me foi concedida pola Excm. Deputación Provincial de Lugo, asino esta declaración.

En , a de de 20 .

Asdo:

(Nome, apelidos e sinatura Solicitante/Representante).

SR. PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO- SERVIZO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA E EMPREGO-



ANEXO VII DECLARACIÓN (CONTA XUSTIFICATIVA)

SUBVENCIONES, EN RÉXIME DE CONCORRENCIA COMPETITIVA, PARA O FOMENTO DO CULTIVO DE TRIGO (VARIETADES AUTÓCTONAS) E A PLANTACIÓN DE PHYSALIS DENTRO DO PROGRAMA "Y PARA VIVIR LUGO" PARA A ANUALIDADE 2024

D/Dª. _____ con NIF _____,
e domicilio a efectos de notificación en _____ no
concello de _____ e teléfono _____, e correo electrónico _____

- En nome propio
- En representación decon NIF.....

DECLARO BAIXO A MIÑA RESPONSABILIDADE:

I. (...) **SI** ten solicitadas e/ou concedidas outras subvencions ou axudas (públicas ou privadas) de contido económico para a mesma actuación subvencionable, segundo a seguinte táboa:

RELACIÓN DETALLADA

CONCEPTO (marque cunha cruz)		PROCEDENCIA	IMPORTE
AXUDA	SUBVENCIÓN		

IMPORTE TOTAL DE AXUDAS OU SUBVENCIONES SOLICITADAS E/OU CONCEDIDAS	€ _____
--	---------

(...) **NON** solicitou nin lle foi concedida ningunha outra subvención ou axuda (pública ou privada) de contido económico para a mesma actuación subvencionable.

II. (...) **SI** ten patrocinios, colaboracións ou achegas de contido non económico, publicas ou privadas, relacionados coa actuación subvencionable, tal e como figura na seguinte taboa:

ENTIDADE COLABORADORA	DESCRIPCIÓN DA AXUDA

(...) **NON** ten patrocinios, colaboracións ou achegas de contido non económico, publicas ou privadas, relacionados coa actuación subvencionable.

III. Que coñezo que esta subvención encontrase acollida ao Regulamento (UE) n.º 1408/2013 de 18 de decembro de 2013, relativo a la aplicación de los artigos 107 e 108 del Tratado de Funcionamento de la Unión Europea, a las axudas de mínimos no sector agrícola.

Que non solicitei nin me foi concedida axudas de minimis no exercicio fiscal no que se recoñece o dereito legal a percibir a axuda nin nos dous exercicios anteriores

Que solicitei ou me foi concedida axudas de minimis no exercicio fiscal no que se recoñece o dereito legal a percibir a axuda e nos dous exercicios anteriores que ascenden a.....€

CONVOCATORIA	ORGANISMO COMCEDENTE	IMPORTE OBXETIVO DA AXUDA	ANO (SOLICITUDE OU CONCESIÓN)	ESTADO DA AXUDA*

*Solcitada ou concedida

IV. Que a actuación subvencionada foi executada na súa totalidade cumprindo coas condicións que motivaron a súa concesión e os compromisos adquiridos no convenio canalizador da subvención.

V. Que a execución da devandita actuación foi subvencionada pola Deputación Provincial de Lugo e que, este extremo, se inseriu na publicidade de todas as actuacións e nos soportes que se utilizaron na execución da actividade subvencionada.

VI. Que os gastos subvencionables nos que incorreu nas súas operacións comerciais foron aboados nos prazos de pago previstos na normativa sectorial que lle sexa de aplicación ou, no seu defecto, nos establecidos na Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.

VII. Que se deu cumprimento ao establecido no artigo 31.3 da LXS.

E para que conste, asino a presente declaración,

O/A solicitante/ representante

(sinatura)

SR. PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO- SERVIZO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA E EMPREGO-

CONCELLOS**LOURENZÁ***Anuncio***EXPOSICIÓN O PÚBLICO E COBRANZA XIMNASIO****XANEIRO DE 2024****EXPOSICIÓN O PÚBLICO**

Por Resolución de Alcaldía de data **1 DE FEBREIRO 2024**, prestouse aprobación inicial ao Padrón fiscal do Servizo de XIMNASIO correspondente ao mes de **XANEIRO DE 2024** por importe de **889,80 EUROS (OITOCENTOS OITENTA E NOVE CON OITENTA EUROS)**

Consonte ao disposto no artigo 102.3 da Lei Xeral Tributaria 58/2003 de 17 de decembro, por medio do presenteponse en coñecemento dos contribuíntes obrigados ao pagamento do prezo público, que dispoñen dun prazo de 15 días, contador a partir da publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, ao obxecto de que poidan ser examinados e presentar as reclamacións que estimen pertinentes, entendéndose elevados a definitivos se, transcorrido o prazo de exposición pública, non se formulan ningunha reclamación.

Así mesmo, e de conformidade con artigo 253.1 da citada lei xeral tributaria, poderán interpoñer recurso de reposición perante a Sra. Alcadesa-Presidente, no prazo dun mes, que comezará a contar dende o día seguinte ao do remate do período voluntario de pagamento.

Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formule, poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo na forma e nos prazos que a tal efecto se establecen na Lei Reguladora da referida xurisdición.

Non obstante, poderán interpoñer calquera outro recurso que consideren oportuno.

ANUNCIO DE COBRANZA

Para o cobramento dos mesmos, os contribuíntes que teñan domiciliados os recibos, estes seranlles debidos nas contas bancarias respectivas.

O prazo de cobro, en período voluntario será de dous meses dende a publicación do Edicto de aprobación, transcorrido o mesmo procederase a esixir os xuros de mora e os recargas de acordo cos artigos 26 a 28 da Lei Xeral Tributaria.

A presente publicación, nos dous supostos, de edicto de exposición ao público do Padrón e anuncio de cobranza en fase voluntaria, ten o carácter de notificación colectiva, ao abeiro do establecido no artigo 102 da referida Lei Xeral tributaria.

Lourenzá, 16 DE FEBREIRO DE 2024.- A Alcadesa - Presidente, D^a. Rocío López García.

R. 0470

*Anuncio***EXPOSICIÓN O PÚBLICO E COBRANZA S.A.F. XANEIRO 2024****EXPOSICIÓN O PÚBLICO**

Por Resolución de Alcaldía de data o día 08 de febreiro de 2024, prestouse aprobación inicial ao Padrón fiscal do Servizo de Axuda no Fogar correspondente o mes de Xaneiro de 2024 a través da Lei de Dependencia e Programa Básico de Axuda no Fogar por importe de catro mil cinco centos trinta e tres euros con setenta e catro céntimos de euro (4.533,74€), tres mil novecientos dous euros con corenta e nove céntimos de euro (3.902,49€) correspondente a dependencia, e seis centos trinta e un euros con vinte e cinco céntimos de euro (631,25€) son de libre concorrência.

Consonte ao disposto no artigo 102.3 da Lei Xeral Tributaria 58/2003 de 17 de decembro, por medio do presenteponse en coñecemento dos contribuíntes obrigados ao pagamento do prezo público, que dispoñen dun prazo de 15 días, contados a partir da publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, ao obxecto de que poidan ser examinados e presentar as reclamacións que estimen pertinentes,

entendéndose elevados a definitivos se, transcorrido o prazo de exposición pública , non se formula ningunha reclamación.

Así mesmo , e de conformidade con artigo 253.1 da citada Lei Xeral Tributaria, poderán interpoñer recurso de reposición perante a Sra. Alcaldesa-Presidente , no prazo dun mes, que comezará a contar dende o día seguinte ao do remate do período voluntario de pagamento.

Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formule, poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo na forma e nos prazos que a tal efecto se establecen na Lei Reguladora da referida xurisdición.

Non obstante, poderán interpoñer calquera outro recurso que consideren oportuno.

ANUNCIO DE COBRANZA

Para o cobramento dos mesmos, os contribuíntes que teñan domiciliados os recibos, estes seranlles adebedados nas contas bancarias respectivas.

O prazo de cobro , en período voluntario será de dous meses dende a publicación do Edicto de aprobación, transcorrido o mesmo procederase a esixir os xuros de mora e os recargas de acordo cos artigos 26 a 28 da Lei Xeral Tributaria.

A presente publicación, nos dous supostos , de edicto de exposición ao público do Padrón e anuncio de cobranza en fase voluntaria, ten o carácter de notificación colectiva, ao abeiro do establecido no artigo 102 da referida Lei Xeral tributaria.

Lourenzá, 16 de febreiro de 2024.- A Alcaldesa – Presidente, D^a. Rocío López García.

R. 0471

Anuncio

RESOLUCIÓN DA ALCALDIA

D^a. ROCIO LÓPEZ GARCIA, Alcaldesa-Presidenta do Concello de LOURENZÁ, en virtude das atribucións que me confiren os artigos 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local e 61 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración Local de Galicia.

Advertido erro na Resolución da Alcaldía de data 02/02/2024 na publicación da listaxe de admitidos, datas e proposta de tribunal para o procedemento selectivo excepcional para o ingreso como persoal laboral fixo no Concello de Lourenzá dunha praza (PL19) denominada OPERARIO A SERVIZOS MÚLTIPLES, MAQUINISTA,CONDUTOR/A, cota xeral, incluída/s na oferta de emprego público (OPE) do ano 2022 (BOP núm. 120, do 27.05.2022) - apartado IB) – Taxa adicional estabilización (disposición adicional 6^a da Lei 20/2021) polo sistema de concurso- acceso libre, onde se inclúe a Marcos Copa Maseda, con DNI ***4711**, cuia solicitude corresponde ao procedemento selectivo excepcional para o ingreso como persoal laboral fixo no Concello de Lourenzá dunha praza (PL20) denominada OPERARIO/A SERVIZOS MÚLTIPLES, MAQUINISTA, CONDUTOR/A, cota xeral, incluída na oferta de emprego público (OPE) do ano 2022 (BOP núm. 120, do 27.05.2022) - apartado IA) – estabilización (artigo 2 da Lei 20/2021) polo sistema de concurso-oposición, acceso libre.

RESOLVO:

1º.- Rectificar o erro, o amparo do establecido no artigo 109.2 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, na listaxe provisional de persoas aspirantes, seguinte:

Onde di:

1.1 ADMITIDA/S:

Nº	APELIDOS E NOME	DNI ANONIMIZADO
1	COPA MASEDA MARCOS	***4711**
2	MASEDA BAAMONDE JORGE	***9677**

Debe dicir:

1.1 ADMITIDA/S:

Nº	APELIDOS E NOME	DNI ANONIMIZADO
1	MASEDA BAAMONDE JORGE	***9677**

2º.- Ordenar a publicación da presente resolución no BOP, na web corporativa e no taboleiro de anuncios da entidade.

Contra a presente resolución que aproba a listaxe provisional, as persoas aspirantes disporán dun prazo de cinco (5) días, contados a partir do seguinte o da publicación no BOP, para presentar alegacións.

De non presentarse alegacións á listaxe provisional considerarase esta definitiva, sen necesidade de nova publicación transcorrido o prazo de 10 días hábiles dende a publicación desta resolución no BOP.

De existir alegacións á listaxe provisional, estas serán estimadas ou desestimadas pola alcaldía, a través dunha nova resolución coa listaxe completa de persoas admitidas e no seu caso excluídas, que deberá publicarse nos mesmos lugares que a listaxe provisional.

Contra a listaxe definitiva poderase interpoñer con carácter potestativo, recurso de reposición, diante da alcaldía da entidade no prazo dun mes dende o día seguinte o da publicación da listaxe definitiva no BOP (no suposto de haber alegacións), ou dende o día seguinte ao transcurso dos 10 hábiles seguintes á publicación no BOP (cando non hai alegacións) da listaxe provisional, ou ben recurso contencioso - administrativo diante do Xulgado Contencioso - Administrativo de Lugo no prazo de dous meses contados dende o día seguinte das datas antes mencionadas, sen prexuízo de que se interpoña calquera outro que se estime oportuno.

Cando as impugnacións teñan por causa a composición do Tribunal, rexeranse polo establecido nos artigos 23 e 24 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público.

Non obstante, as persoas interesadas poderán presentar as alegacións que estimen convenientes para a súa consideración na resolución que poña fin ao procedemento conforme ao artigo 112.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Mando e asino en Lourenzá, a Alcaldesa, D^a Rocío López García. Pola Secretaría tómase razón para a súa transcripción ó Libro de Resolucións, ós efectos de garantir a súa integridade e autenticidade (art. 3.2 RD 128/2018, de 16 de marzo).

Lourenzá, 16 de febreiro de 2024.- A Alcaldesa – Presidente, D^a. Rocío López García.

R. 0472

Anuncio

RESOLUCIÓN DA ALCALDIA

D^a. ROCIO LÓPEZ GARCIA, Alcaldesa-Presidenta do Concello de LOURENZÁ, en virtude das atribucións que me confiren os artigos 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local e 61 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración Local de Galicia.

Advertido erro na Resolución da Alcaldía de data 02/02/2024 na publicación da listaxe de admitidos, datas e proposta de tribunal para o procedemento selectivo excepcional para o ingreso como persoal laboral fixo no Concello de Lourenzá dunha praza (PL20) denominada OPERARIO/A SERVIZOS MÚLTIPLES, MAQUINISTA, CONDUTOR/A, cota xeral, incluída na oferta de emprego público (OPE) do ano 2022 (BOP núm. 120, do 27.05.2022) - apartado IA) – estabilización (artigo 2 da Lei 20/2021) polo sistema de concurso-oposición, acceso libre, na cal non se inclúe a Marcos Copa Maseda, con DNI ***4711**, por ser incluído este por erro no procedemento selectivo excepcional para o ingreso como persoal laboral fixo no Concello de Lourenzá dunha praza (PL19) denominada OPERARIO A SERVIZOS MÚLTIPLES, MAQUINISTA, CONDUTOR/A, cota xeral, incluída/s na oferta de emprego público (OPE) do ano 2022 (BOP núm. 120, do 27.05.2022) - apartado IB) – Taxa adicional estabilización (disposición adicional 6^a da Lei 20/2021) polo sistema de concurso- acceso libre,

RESOLVO:

1º.- Rectificar o erro, o amparo do establecido no artigo 109.2 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, na listaxe provisional de persoas aspirantes, seguinte:

Onde di:

ADMITIDA/S:

Nº	APELIDOS E NOME	DNI ANONIMIZADO
1	LÓPEZ BOUZA JOSE LUIS	***9453**

Debe dicir:

ADMITIDA/S:

Nº	APELIDOS E NOME	DNI ANONIMIZADO
1	COPA MASEDA, MARCOS	***4711**
2	LÓPEZ BOUZA JOSE LUIS	***9453**

2º.- Ordenar a publicación da presente resolución no BOP, na web corporativa e no taboleiro de anuncios da entidade.

Contra a presente resolución que aproba a listaxe provisional, as persoas aspirantes disporán dun prazo de cinco (5) días, contados a partir do seguinte o da publicación no BOP, para presentar alegacións.

De non presentarse alegacións á listaxe provisional considerarase esta definitiva, sen necesidade de nova publicación transcorrido o prazo de 10 días hábiles dende a publicación desta resolución no BOP.

De existir alegacións á listaxe provisional, estas serán estimadas ou desestimadas pola alcaldía, a través dunha nova resolución coa listaxe completa de persoas admitidas e no seu caso excluídas, que deberá publicarse nos mesmos lugares que a listaxe provisional.

Contra a listaxe definitiva poderase interpoñer con carácter potestativo, recurso de reposición, diante da alcaldía da entidade no prazo dun mes dende o día seguinte o da publicación da listaxe definitiva no BOP

(no suposto de haber alegacións), ou dende o día seguinte ao transcurso dos 10 hábiles seguintes á publicación no BOP (cando non hai alegacións) da listaxe provisional, ou ben recurso contencioso - administrativo diante do Xulgado Contencioso - Administrativo de Lugo no prazo de dous meses contados dende o día seguinte das datas antes mencionadas, sen prexuízo de que se interpoña calquera outro que se estime oportuno.

Cando as impugnacións teñan por causa a composición do Tribunal, rexeranse polo establecido nos artigos 23 e 24 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público.

Non obstante, as persoas interesadas poderán presentar as alegacións que estimen convenientes para a súa consideración na resolución que poña fin ao procedemento conforme ao artigo 112.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Mando e asino en Lourenzá, a Alcaldesa, D^a Rocío López García. Pola Secretaría tómase razón para a súa transcripción ó Libro de Resolucións, ós efectos de garantir a súa integridade e autenticidade (art. 3.2 RD 128/2018, de 16 de marzo).

Lourenzá, 16 de febreiro de 2024.- A Alcaldesa - Presidente, D^a. Rocío López García.

R. 0473

MEIRA

Anuncio

Por Resolución da alcaldía de data 16 de febreiro do 2024, aprobose o Padrón Tributario da taxa pola prestación do servizo de augas, sumidoiros, lixo e canon de auga da Xunta, correspondente o 6º. **bimestre do exercicio 2023**, así como a apertura dun período de información pública por prazo de un mes a partir da publicación do presente edicto no B.O.P. durante o cal todos os interesados poderán consultar o seu contido na Secretaría do Concello e presentar as alegacións que estimen oportunas. Queda aberto o prazo de cobro en período voluntario dende o día 16 de febreiro do 2024 ao 16 de abril do 2024.

Contra o acto de aprobación do padrón e das liquidacións de tributos municipais incorporadas a este, poderase formular recurso de reposición ante esta Alcaldía, no prazo de un mes contado dende o día seguinte ao de finalización do período de exposición ao público do padrón de contribuíntes ou ben recurso

contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo, sen que poidan interperse ambos simultaneamente. Transcorrido o período de pago en voluntaria as débedas co municipio serán esixidas polo procedemento de constrinximento co correspondente recargo de mora e costas que se produzan, no seu caso.

A falta de pagamento do Canon da Auga da Xunta no período voluntario sinalado suporá a exixencia do mesmo directamente ao contribuínte pola vía de constrinximento pola consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia. A repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante o órgano económico-administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia no prazo dun mes dende esta notificación.

O presente anuncio ten carácter de notificación colectiva ao abeiro do establecido nos artigos 102 da Lei Xeral Tributaria e 23 e 24 do RD 939/2005, de 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Recadación.

Meira, 16 de febreiro do 2024.- O alcalde, Antonio de Dios Álvarez.

R. 0474

MURAS

Anuncio

BASES DE SELECCIÓN PARA CUBRIR UNHA PRAZA DE FUNCIONARIO/A INTERINO/A POR PROGRAMA: 1 TÉCNICO/A EN TURISMO CON CARGO AO PROGRAMA DENOMINADO PLAN ÚNICO DA DEPUTACIÓN DE LUGO 2023, reforzo do emprego

1º.- Obxecto da convocatoria.

É obxecto da convocatoria, a selección de persoal para cubrir unha praza de funcionario/a interino/a por programa: técnico/a turismo, en base os criterios de publicidade de convocatoria, mérito e capacidade dos/as candidatos/as de conformidade co establecido na Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de Réximen Local, Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, Lei 2/2015, de 29 de abril, de emprego público de Galicia e demais disposicións de aplicación.

2º.- Características da praza.

A finalidade da selección deste persoal dentro do programa de Plan Unico 2023, reforzo do emprego, é, entre outros:

- colaborar na organización e promoción de eventos no concello
- asesoramento, acompañamento e coordinación do sector no ámbito municipal
- traballos de información a persoas visitantes
- xestión de axudas en materia turística, o que incluíría buscar información sobre posibles fontes de financiamento, estudar as bases das subvencións de calquera administración relacionadas co turismo e elaborar a documentación técnica que fose precisa para levar a cabo ditas actuacións.
- calquera outra relacionada coa coordinación da actividade turística do concello que se considere relevante polo equipo de goberno en atención ás circunstancias que concurran durante o contrato.

As características da praza son as seguintes:

a) Denominación da praza: técnico/a turismo.

b) Grupo de titulación: A2

c) OUTRAS CARACTERÍSTICAS

- Escala: A

- Subescala: A2

- CD: 16

Duración do programa: 5 meses desde a toma de posesión.

Titulación: : Licenciado/a en xeografía e historia ou titulacións equivalentes; Grao ou diplomatura en turismo; técnico/a superior en información e comercialización turística; técnico/a superior en guía, información e asistencia turística; técnico/a superior en axencias de viaxes e xestión de eventos; técnico/a en empresas e actividades turísticas e certificado de profesionalidade en promoción turística local e información ó visitante ou titulacións equivalentes.

3ª.- Sistema de provisión.

Concurso-oposición

4º.- Requisitos dos solicitantes.

